

Mariñando a Arria

MARIO HORTAS

Monção 2010



En portada:

Niño baleiro (*Cuxiño buxán*)

Granito. 38 x 23 x 11 cm. 2009

Mariñando a Arria (*Traballando a pedra*)



Texto: Bieito Ledo

Fotografía: Enrique Touriño

Deseño: Palacios Publicidad

Diccionario do Verbo dos Canteiros: Xesús Gulías



e-mail: mariohortas@telefonica.net

Móbil: 666 360 235

Ti, se cadra non sabes que a pedra fala.
Ela contou todo o que ves agora.
Aprendeume esta lingua que non leva o vento.
Agradézolle ese amor que me deu.



*Ti, se cadra nexo pescas que a árria jalra.
Ela larapexarou todeito o que abismas embora.
Cubicoume este verbo que nexo leva a frúa.
Agradézolle ese xaro que me chanou.*

MANUEL RIVAS

A desaparición da neve / A desaparición da xelfa

Alumiño
Chano

Granito
44 x 40 x 12 cm
2008



Crear é facer realidade o que non era

Bieito Ledo

Non hai moito, que con motivo da presentación en Vigo do libro *Xeometrías Máxicas* de Bieito Romero, Mario Hortas, na compañía da súa dona Lucía, me pediu o favor de lle facer o prólogo para esta exposición a celebrar en terras fraternas que une o pai Miño. Inicialmente puxen algo de reparo por aquilo de non asumir responsabilidades para as que un non está especificamente preparado. Quero dicir que eu nunca fun nin son un crítico de arte. Pero esta miña sincera explicación non o fixo desistir e non tiven máis remedio que aceptar tan grata encomenda para satisfacer ao amigo.

Cavilando como podería ensarillar unhas dúcias de palabras que puxeran en relación a un médico de profesión, que nos “ratos libres”, esta expresión “ratos libres” e a modo de digresión recórdame que os romanos, aos que tanto lles debemos, despois de entrar por Portela do Dome en Lobios e ir chantado miliarios nas calzadas que ían abrindo, pódolle nomes as cousas que ían encontrando, que non é nin máis nin menos que nomear, nomear ao río co nome, valía a redundancia, de Caldo, foron pasando por Bande, Celanova, Ourense ata chegar a Lugo, quede claro que por estas terras moito ensinaron e moito aprenderon e onde deixaron a obra máis grande que fai ben pouco a UNESCO declarou Patrimonio de Humanidade, a Muralla, e que a fixeron “pedra a pedra nos ratos libres”, pero volvendo ao rego para seguir falando de Mario Hortas, dicía que colle o cicel

Tres
Bativegiche

Granito
43 x 39 x 12 cm
2008



e a maceta e se enfrenta a un cacho de pedra co obxecto de transformala, e sigo dicindo “a ratos libres”, amontoáronseme no meu maxín, xa desgraciadamente moi adurmiñado e bastante enfurrñado, unha manchea de palabras, lumieira, pedra de papo de rola, cachote, Fidias, Leonardo da Vinci, Miguel Angel, Maestro Mateo, canteiro, Pórtico da Gloria, catedral, ermida, forno, cruceiro, muíño, faro, ponte e fonte...

E non tiven máis remedio que retroceder no tempo e pensar cando o ser humano, e non digo home para que logo non me acusen de sexista, comezou a cazar para poder subsistir e cando abateu a un animal, poñamos por caso, un corzo, encontrouse con que o material que máis lle podía axudar para despelexalo e descuartizalo sería unha pedra que preparou en forma de machada e de coitelo. Está nacente o arte-sán.

Dende a Idade da Pedra, foron moitos que transformádoa deixaron a súa pegada na historia

Dende entón, a chamada Idade da Pedra, foron moitos que usádoa e transformádoa deixaron a súa pegada na historia. A pedra foi e seguirá sendo algo sólido, duradeiro, e de aí os ditos, duro coma unha pedra, ten casa de pedra, pedra santa, a pedra que rola non colle musgo.

Nai e fillo
Xeba e morrón

Granito
45 x 18 x 17 cm
2009



Mario traballa a pedra. É un canteiro? Non. É un arte-sán? Sí e non. Arte sí que fai, san tamén o é, pero carece da utilidade inmediata que ven caracterizando semanticamente aos artesáns, oleiros, ferreiros, albardeiros... Mario traballa a pedra para crear formas e imaxes que nos provoquen, que suxiran, que transmitan. Son útiles como utensilios? Pois non. A min transmitenme paz, sosego, a través das súas formas redondas, dos ocós, das apertas, das caras, e fanme recordar ao románico, ao noso románico, ao Pórtico da Gloria, a pintura de Laxeiro e a de Mercedes Ruibal, aos cantos rodados dun río, e sobre todo vexo reflectido nelas a figura da muller, é máis, eu recordo a miña nai.

***Mario traballa a
pedra para crear
formas e imaxes que
nos provoquen***

O que fai Mario Hortas está a vista e cada un que contemple as súas creacións sentirá algo disinto, e no territorio dos sentimentos é onde somos máis felices. O que si teño moi claro que as cousas que perduran hai que facelas, como as facían os romanos, “pouco a pouco nos ratos libres”. Ars longa, vita brevis. A Mario desexámoslle unha vida longa e confirmamos que as súas orixinais creacións en pedra perdurarán no tempo e co tempo irán incorporando milleiros de miradas onde encontrar o pracer do noso inconsciente reflectido no que el con moita parsimonia e perseveranza e non pouco pracer de poder

Descanso
Achisco

Granito
48 x 35 x 14 cm
2009



Pai e fillo
Xebo e morrón

Granito
49 x 38 x 11 cm
2008





Amigos
Borjetas

Granito
41 x 34 x 12 cm
2008



Loita
Acalmanta

Granito
43 x 29 x 11 cm
2009

contemplan unha posta de sol ou a entrada dun transatlántico na bocana da Ría de Vigo, coas Illas Cíes ao fondo e, moi, moi ao fondo, Nova York, se refuxia no seu obradoiro para materializar aquilo que leva dentro e que non se ve nin se pode medir nin pesar, pero que existe no seu maxín. O creador, e Mario éo, pensa que hai cousas que nunca existiron e poden ser verdade.

O creador, e Mario éo, pensa que hai cousas que nunca existiron e poden ser verdade.

E xa que nos encontramos no Ano Santo Compostelán por que non imaxinar a posibilidade de poder levantar unha das lousas do piso da catedral de Santiago preto do Pórtico da Gloria e enterrar unha destas obras para que dentro de outras mil primaveras, que no dicir de Álvaro Cunqueiro, lle quedan, polo menos a lingua galega, para facer logo unha escavación e os arqueólogos tiveran que afirmar que se trataba dunha obra do Maestro Mateo. Milagres máis grandes e inverosímiles ten habido e funcionan como se tal foran. A pedra existe dende que existe o mundo, estas figuras que hoxe podemos contemplar só existen dende que Mario as modelou e van durar ata o fin, ata o fin da súa existencia, que non vai ser pouca e que os nosos e seus descendentes o podían celebrar.
Amén.





Apreixo
Gareazo

Granito
49 x 29 x 11 cm
2009

Neno deitado
Gichariño achiscado

Granito
40 x 44 x 12 cm
2008



Deus creou a pedra e os canteiros déronlle vida.



*Queicóo mariñou a árria e os arginas
chanáronlle múrria.*

XESÚS GULÍAS

Dicionario do Verbo dos Canteiros

Mariñando a Arria
MARIO HORTAS

Casa do Curro
(Praça Deu-La-Deu)
Monção (Portugal)
A carón do Miño

Do 2 ao 30 de marzo

De segunda feira a sábado
das 09h30 ás 12h30 e das 14h00 ás 18h00
Domingos e feriados
das 10h00 ás 12h00 e das 15h00 ás 18h00

Teléfono: (00351) - 251 653 215

